

Agora toca... Xestión de conflitos para unha convivencia positiva

CÍRCULOS DE DIÁLOGO



PARA A PAZ

Guía para o profesorado

Con propostas para a resolución de conflitos

e a mellora da convivencia nas comunidades educativas







 **Ayuda en
Acción**
www.ayudaenaccion.org

ÍNDICE

1. PARA ENFOCAR O TEMA

(METODOLOXÍA, OBXECTIVOS E DATAS).....3,4,5

2. IDEAS PARA FACER NA CLASE

	Educación infantil (de 0 a 3 anos).....	6,7
	Educación infantil (de 3 a 6 anos).....	8,9
	Educación Primaria(de 6 a 9 anos).....	11,12,13
	Educación Primaria(de 9 a 12 anos).....	14,15,16
	Educación Secundaria (de 12 a 14 anos).....	18,19,20,21
	Educación Secundaria (de 14 a 16 anos).....	22,23

3. PROPOSTAS PARA FACER EN FAMILIA24

- Educación Infantil (de 0 a 6 anos).....25
- Educación Primaria (de 6 a 12 anos).....26
- Educación Secundaria (de 12 a 16 anos).....27,28

4. RECURSOS PARA PROFUNDAR.....29,30

A túa opinión é importante para nós. Animámoste a realizar a avaliación do material en

programaeducativo.ayudaenaccion.org

1. PARA ENFOCAR O TEMA

Cultura de paz e convivencia: cara a un mundo global que xestiona os conflitos desde a escoita activa.

En Ayuda en Acción cremos que é importante fomentar en todas as sociedades a convivencia intercultural como unha forma de respecto e de posta en valor á diversidade, pola riqueza que supón para as nenas, os nenos, as rapazas e os rapaces que comparten as aulas. Queremos promover a convivencia positiva nas comunidades educativas traballando na xestión pacífica dos conflitos a través da escoita activa, a empatía e o respecto pola diversidade.

Vivimos nun mundo onde a confrontación normalizouse coma unha actitude cotiá entre as persoas, facendo que non nos fixemos nos exemplos de xestión positiva dos conflitos. Neste sentido, se somos capaces de promover o diálogo como unha forma de construír o mundo que queremos, non coma unha forma de impoñer as nosas ideas ao outro, achegarémonos a unha cultura de paz e convivencia entendendo os conflitos como unha maneira de construír algo mellor.

Metodoloxía

Agora toca... Círculos de diálogo para a paz é unha proposta educativa con distintas actividades baseadas na xestión positiva dos conflitos no marco das comunidades educativas para contribuír a crear unha cultura de paz e unha sociedade máis xusta.

Consiste nunha acción colectiva igual para todo o centro educativo destinada a sacar aos nenos, as nenas, rapaces e rapazas do seu rol máis pasivo cando xorden problemas de convivencia, así como crear oportunidades para a aprendizaxe na xestión alternativa dos conflitos.

Preséntanse distintos talleres participativos que se poden desenvolver a partir de materiais de fácil acceso coma contos, documentais, noticias periodísticas, música, curtametraxes ou materiais propios da escola.

Atoparedes distintos exercicios adaptados a cada grupo de idade para desenvolver no centro educativo e na casa. As actividades son dinámicas, simples e moi fáciles de levar a cabo.

Para realízalas, recoméndase dispor de acceso ao ordenador e conexión a internet. En caso de non dispor deles, invítase ás familias a coñecer os espazos públicos con acceso a internet da zona onde residen, como o propio centro educativo, bibliotecas, centros cívicos, etc.

Obxectivos

- Fomentar a xestión positiva dos conflitos.
- Promover o crecemento e a adquisición de valores dos nenos, as nenas e adolescentes mediante a xestión das súas propias emocións.
- Potenciar a participación e a cooperación das comunidades educativas coa implicación dos docentes, o alumnado e as familias.

Datas

Suxerímosvos que traballedes nesta proposta preto da data do 30 de xaneiro, o Día Escolar da Paz e a Non Violencia, aínda que pode utilizarse noutras datas como o 21 de maio, Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento, ou calquera outra que teña sentido no centro educativo.



**Escribe a educacion@ayudaenaccion.org.
Publicaremos a túa proposta no blog
e compartirémola co resto de centros
que participan en Ahora Toca...**



<https://programaeducativo.ayudaenaccion.org/>

Agora Toca... Xestión de conflitos para unha convivencia positiva

CÍRCULOS DE DIÁLOGO PARA A PAZ



**Guía para o profesorado
(Educación Infantil)**

**Con propostas para a resolución de conflitos
e a convivencia nas comunidades educativas**

2. IDEAS PARA FACER NA CLASE

Educación Infantil (de 0 a 3 anos)

Descrición

Actividades moi simples para fomentar o xogo en grandes grupos e a expresión de emocións e sentimentos.

Obxectivos

Establecer relacións positivas co grupo; aprender a comunicarse mediante a linguaxe e a expresión corporal.

Actividades

★ Actividade: Ola!

Materiais: reprodutor de música, papel de embalaxe, pinturas de cores (lapis, rotuladores, ceras...)



Tempo: 40 minutos.

Os nenos e as nenas móvense libremente dentro da clase mentres escoitan e bailan coa música de fondo. Cando para a música, cada neno e nena dálle a man a algún compañeiro ou compañeira e di o seu nome en voz alta. O exercicio repítese ata que todos teñan saudado a todos.



Ao rematar, podes preguntarlles:

- Gustouvos o xogo?
- Saudastes a todos e todas?
- Como vos sentistes?

Para rematar a actividade, proponlles que debuxen as súas manciñas e escriban os seus nomes nun mural que pode ter como fondo o mapamundi. Antes da actividade, lembra que deberás debuxar o contorno do mapa. Cando rematedes, podédelo colgar nalgún espazo da clase.

Actividade: Regalando apertas

Materiais: non son necesarios, pero opcionalmente pódese realizar cun reprodutor de música.

Tempo: 20 minutos.



Pide aos pequenos e pequenas que circulen pola clase libremente (andando devagar) e que cando atopen un compañeiro ou compañeira, digan: regálame unha aperta? Haberá nenos/as que non quererán as apertas e outros que quererán apertas todo o rato. Outros evitarán o xogo, outros apertarán demasiado forte... Como educador/a, deberás xestionar o exercicio para que flúa e todos os nenos/nenas poidan expresar as súas emocións como o desexen.

Ao final, podes facerlles as seguintes preguntas:

- Gustouvos recibir apertas?
- Que aperta gustouvos máis?
- Recibides apertas e dades apertas a outras persoas?



Descrición

Actividades para que os nenos e nenas traballen con materiais pouco comúns e para que experimenten desde a liberdade, deixándolles claros os límites e as normas de funcionamento. Esta fórmula capacita aos máis pequenos para traballar con máis autonomía, regular as súas emocións e aprender a convivir cos demais, promovendo o respecto e unha xestión positiva dos conflitos.

Obxectivos

Fomentar a creatividade no día a día, o traballo en equipo, a participación activa na toma de decisións e a responsabilidade grupal, así como fomentar o respecto cara aos compañeiros/as, os espazos e os materiais.

Actividades

★ Actividade: Música para as emocións

Materiais: reprodutor de música, instrumentos musicais (maracas, tambores, pandeiretas, etc.) ou materiais que poidan producir sons musicais coma caixas, vasos, cartóns, etc.



Tempo: 40 minutos.

Neste exercicio, as emocións e o traballo cooperativo son os elementos principais.

Para comezar, pon música que habitualmente utilizedes na clase, mesturando distintos estilos musicais, e sigue estas indicacións:

- 1) Pide ao alumnado que faga un círculo e mova o corpo ao ritmo da música. Dilles que se deixen levar, que boten fóra a vergoña, o medo, o sentido do ridículo, que se movan libremente.
- 2) Fai a pregunta: quen quere saír a bailar no medio? E cando teñas un voluntario o voluntaria, invita ao resto do grupo a seguir os seus movementos.
- 3) Proponlles bailar de dous en dous, de tres en tres, de catro en catro, etc.



4) Invítaos a que toquen algúns instrumentos que teñades na escola (maracas, tambores, pandeiretas, etc.) e dinamiza o tempo para que respecten as quendas e toda a clase poida tocar nalgún momento.

Con este exercicio, podes traballar a linguaxe das emocións, o respecto do tempo e das quendas, o aumento de confianza en si mesmos e de todas elas e todos eles co resto do grupo.

★ Actividade: Chocoterapia

Materiais: papel de embalaxe, pinceis, esponxas, chocolate líquido, vasos, reprodutor de música.



Tempo: 50 minutos.

Propón aos alumnos facer un círculo e explícalles que ides crear un gran mural con chocolate. O segredo desta actividade é que todas as decisións terán que ser acordadas polo grupo enteiro antes de iniciar o mural.

A continuación, detállanse os pasos que podes seguir:

- **Escollede unha música para poñer de fondo.**
- **Seleccionade un tema musical para debuxar o mural.**
- **Repartide as funcións que terá cada neno/a para realizalo: quen pinta, quen organiza o desenvolvemento do debuxo, quen prepara o chocolate, quen prepara o material, quen recolle, etc.**

Cando rematedes o mural, pide ao grupo que volva sentar en círculo e fai as seguintes preguntas:


- **Gustouvos traballar en equipo?**
- **Compartistes o material?**
- **Houbo algún conflito? Como o xestionastes?**

 #círculosdedialogo

Escríbenos a educacion@ayudaenaccion.org e cóntanos que tal foi a actividade na vosa escola. Compartiremos a vosa experiencia co resto da comunidade educativa de Ayuda en Acción en programaeducativo.ayudaenaccion.org

Agora Toca... Xestión de conflitos para unha convivencia positiva

CÍRCULOS DE DIÁLOGO



PARA A PAZ

Guía para o profesorado
(Educación Primaria)

Con propostas para a resolución de conflitos
e a convivencia nas comunidades educativas

 **Ayuda en
Acción**
www.ayudaenaccion.org

2.

IDEAS PARA FACER NA CLASE

Educación Primaria (de 6 a 9 anos)

Descrición

Actividades para fomentar que os máis pequenos e pequenas desenvolvan unha maior comprensión da natureza dos seus sentimentos e poidan expresarse sen prexuízos. É bo para os nenos e nenas facer unha viaxe introspectiva para escoitarse, coñecerse e expresarse, así como fomentar a empatía e o recoñecemento dos outros.

Obxectivos

Promover a educación emocional para aumentar a seguridade, confianza, autoestima e recoñecemento.

Actividades

★ Actividade: Desenleando emocións

Material: fíos e globos de cor amarela, azul, verde, vermella e negra.



Tempo: 50 minutos.

Primeira parte:

Esta primeira parte consiste en expresar as emocións vinculadas á alegría, a tristeza, a rabia, o medo e a calma a través da expresión facial.



Facede un círculo e quedade en pé. Entrega a un neno ou nena o fío e pídelle que represente (mediante a expresión facial) unha das emocións, por exemplo, a alegría. Cando a teña representado, volve pasar o fío a outro compañeiro ou compañeira e repite o exercicio para que todos eles expresen cada emoción. Primeiro podédelo facer coa alegría, despois coa tristeza, a rabia, o medo e a calma (sen soltar o fío en ningún momento). Ao final do exercicio, teredes unha gran tea de araña coas emocións enredadas.

Cando rematedes, podes utilizar as seguintes preguntas:

- **Que credes que quere dicir "facerse unha lea coas emocións"?**
- **Como se poderían representar o amor e o agradecemento?**
- **Coñeces máis emocións? Como sería a vergoña?**

Segunda parte:

Para rematar o exercicio, reparte globos (das cores mencionadas no material) polo chan e pídelles aos nenos e ás nenas que collan un.

Cada globo representa unha emoción: amarela (alegría), azul (tristeza), vermella (rabia), negra (medo), verde (calma).

Conta ata tres para que os boten polo aire e collan un. Cada neno e nena pon un exemplo en voz alta sobre que acontecementos ou lembranzas de persoas lles producen esas emocións. Por exemplo: *estou alegre cando vexo unha película que me gusta cos meus irmáns/coas miñas irmás.*

★ Actividade: Retrato



Materiais: folios DINA4, lapis e rotuladores de cores, gomas.

Tempo: 60 minutos (divididos en 2 sesións de 30 minutos).

Primeira sesión (30'):

Reparte a cada neno e nena unha folla de papel, pídelles que se debuxen a si mesmos e que detrás da folla escriban tres cousas boas sobre eles mesmos, tres cousas que saiban facer e como se senten, utilizando unha palabra referente ás emocións máis básicas. Se fose necesario, podes axudalos a escribir o que desexen e podes adaptar o exercicio en función da idade que teñan.



Unha vez rematados os debuxos, recólleos e gárdaos para o día seguinte.



Segunda sesión (30'):

Sentados en círculo, ensina un por un os debuxos, nomeando as características do compañeiro ou compañeira para que o resto descubra de quen se trata. Antes de pechar a actividade, podes proporlle ao grupo que recoñezan as habilidades e características positivas dos compañeiros e compañeras (que non aparecieran na descrición do retrato) para promover tamén o recoñecemento cara aos demais.

 #círculosdedialogo

Escríbenos a educacion@ayudaenaccion.org e cóntanos que tal foi a actividade na vosa escola. Compartiremos a vosa experiencia co resto da comunidade educativa de Ayuda en Acción en programaeducativo.ayudaenaccion.org



Descarga os materiais educativos desta etapa no blog

<https://programaeducativo.ayudaenaccion.org/>





Descrición

Actividades para contribuír ao desenvolvemento na aula e no centro educativo dun entorno social equitativo, pacífico e cohesivo.

Obxectivos

Promover a escoita activa, o respecto pola diversidade funcional e a mediación como proceso de xestión de conflitos.

Actividades

★ Actividade: Quen me escoita?



Material: non é necesario.

Tempo: 50 minutos.

1º) Busca entre o alumnado tres voluntarios, sae con eles ao corredor e coméntalles que deben pensar, por separado, nalgún feito importante da súa vida para despois explicalo diante da clase. Non deben entrar todos á vez, farano un por un.

2º) Deixa aos tres compañeiros/as pensando na súa historia e volve entrar na clase para explicar ao grupo en que consiste o exercicio que propuxeches aos tres voluntarios e voluntarias. Pídelles que, gradualmente, deixen de prestar atención ao compañeiro ou compañeira que estea a explicar a historia e que interrompan o seu discurso. Por exemplo, poden falar entre eles, bocexar, durmirse, mirar para outro lado, etc., cada vez de forma máis esaxerada.

3º) Pide aos/ás voluntarios/as que entren un por un.

Ten en conta que ti, coma docente, tamén debes participar na actividade. Cando vexas que os nenos non están atentos, procura de cando en vez chamar a atención na clase para que atendan, mais mantén unha actitude bastante pasota.



O máis probable é que os nenos e as nenas voluntarios sintan que lles custa moito explicarse ou que o grupo non lles presta suficiente atención. Cando creas que é conveniente, interrompe o exercicio e pídelles automaticamente ao neno ou nena que explique como se sentiu explicando a súa historia. Podes formular as seguintes preguntas:

- **Como te sentes agora mesmo?**
- **Mentres falabas, que estaba a pasar na clase?**
- **Que che molestou?**
- **Que pensas da actitude que tiveron eu como docente?**

4º) Repítese o exercicio cos outros dous compañeiros/as.

5º) Damos a oportunidade aos tres voluntarios/as de volver explicar as súas historias, esta vez co grupo de clase prestando total atención.

Finalmente, podes facer unha autorreflexión sobre a importancia de saber xestionar positivamente as situacións que se dan dentro da aula para fomentar a boa convivencia e a cultura de paz. Invita ao grupo de voluntarios/as a que exprese como se sentiron cando non se lles prestaba atención, en comparación a como se sentiron cando os estaban escoitando, e pide ao grupo da clase que expoñan unha reflexión sobre como se sentiron durante a actividade.

Reparto de roles:

- 1) Voluntarios/as: pensan en privado unha historia importante para eles e despois explícanla ao grupo na clase.
- 2) Grupo na clase: boicotean ao grupo voluntario para que non poidan explicar a súa historia.
- 3) Docente: explica aos/ás voluntarios/as e ao grupo cales son os seus papeis e dinamiza a actividade desde o principio ata o final implicándose tamén no exercicio.

★ Actividade: O caso de Lorenzo


Materiais:

- Conto de Isabelle Carrier:

<http://www.andalicante.org/enlaces/cuentos-discapacidad/el-cazo-de-lorenzo.pdf>

- Vídeo do conto: <https://www.youtube.com/watch?v=upDli7rcGol> (duración 4 min e 40”).

- Proxector con acceso a internet.



Tempo: 50 minutos.

Le en voz alta o libro *El cazo de Lorenzo* sen dar información sobre o contido nin o argumento. Cando rematedes, podes facer distintas preguntas e traballar co alumnado as sensacións que lles deixou:

- **Coñeces a nenos ou nenas que leven un cazo?**
- **Con que dificultades se atopa Lorenzo?**
- **Como credes que se sente Lorenzo?**

Unha vez compartidas as reflexións, podes volver explicar o conto, esta vez proxectando o vídeo e pedindo ao grupo que escriba nun papel todas aquelas calidades que ven en Lorenzo e os obstáculos que ten que superar. Despois, podes poñer en común outra vez para que o alumnado tome conciencia sobre a diversidade funcional e a riqueza do que nos une.

 #círculosdedialogo



Esríbenos a educacion@ayudaenaccion.org e cóntanos que tal foi a actividade na vosa escola. Compartiremos a vosa experiencia co resto da comunidade educativa de Ayuda en Acción en programaeducativo.ayudaenaccion.org

Descarga os materiais educativos desta etapa no blog



<https://programaeducativo.ayudaenaccion.org/>

Agora Toca... Xestión de conflitos para unha convivencia positiva

CÍRCULOS DE DIÁLOGO



PARA A PAZ

Guía para o profesorado
(Educación Secundaria)

Con propostas para a resolución de conflitos

e a mellora da convivencia nas comunidades educativas

 **Ayuda en
Acción**
www.ayudaenaccion.org

2.

IDEAS PARA HACER EN CLASE

Educación Secundaria (de 12 a 14 años)

Descripción

Actividades para explicar que os conflitos son unha parte natural da vida e unha fonte de aprendizaxe. Desenvolver habilidades de pensamento reflexivo, creativo e crítico, axuda a transformar os contextos sociais e a xerar unha boa convivencia ao seu redor.

Obxectivos

Impulsar o compañeirismo, a superación do medo, a capacidade de dialogar e de expresar sentimentos e a mellora da comunicación do grupo.

Actividades

★ Actividade: Imaxes que falan

Materiais: Imaxes de internet sobre xestión (positiva e negativa) de conflitos, proxector (en caso de que se proxecten en lugar de imprimilas).



Tempo: 50 minutos.

Podes optar por imprimir ou proxectar as distintas imaxes que teñan que ver coa boa e mala xestión dos conflitos. Distribúe aos teus alumnos e alumnas pola clase, en pequenos grupos, para que poidan compartir as súas visións e poidan facer unha reflexión conxunta. Primeiro, amosa aos grupos aquelas imaxes que representen unha mala xestión dos conflitos para que reflexionen sobre o que ven e pensen en conflitos similares que viviran cos/coas compañeiros/as, co profesorado, coa familia, no centro educativo, no barrio, na cidade, etc. Proponlles que cando comenten os conflitos que viviran, teñan en conta as seguintes fases:

- **Ver que pasou.**
- **Que partes estiveran implicadas**
- **Que sentimentos xerou.**
- **Como se solucionou.**

Este debate axudará a que entre todos e todas poidan reflexionar, resolver e propor accións para a mellora da convivencia. Amósalles tamén imaxes positivas, que reforcen as súas capacidades e discursos para saber xestionar un conflito.


Onde podes atopar as imaxes? A continuación, facilitámosche a túa busca en internet para que poidas descargar rapidamente algunhas imaxes. Escribe nun buscador, por exemplo: “manage conflict effectively”, “external conflict pictures” ou “conflict clipart”.

★ Actividade 2: Pensando nos demais

Nesta actividade, propóñense dúas opcións a escoller en función do tempo dispoñible, desenvolvendo a mesma nunha sesión ou dúas sesións.

Materiais:

- Documental "Pensando en los demás. Pedagogía para la vida":
<https://www.youtube.com/watch?v=Ui53N9LHpWo> (duración 49 min 37")
- Material para unha sesión: xiz de cores.
- Material para dúas sesións: un folio por neno/a, bolígrafos.



Tempo:

- 50 minutos (1 sesión).
- 90 minutos (2 sesións).

Descrición do documental:

O documental “*Pensando en los demás*” recolle as historias e a convivencia entre un mestre e o seu alumnado de cuarto de Primaria durante un ano na escola dunha aldea de Xapón. É un documental que pon de manifesto conceptos como o amor, o vínculo, a escoita activa, a cooperación ou a aprendizaxe, así como a observación dos conflitos e a eficacia verbal e corporal do mestre para facer fronte aos distintos episodios transcorridos durante o curso escolar.

A actividade pode facerse en dúas sesións, vendo un día o vídeo e facendo outro día a actividade, ou nunha sesión, vendo ata o minuto trece do vídeo e facendo a actividade ao rematar.

As propostas de sesión a realizar son as mesmas que propón o profesor Kanamori no documental:



OPCIÓN A: unha sesión de 50 minutos.

En primeiro lugar, pon un fragmento do documental ata o minuto 13 no que coñecemos ao profesor Kanamori, o seu proxecto educativo e algún exemplo de como xestiona a educación emocional a través de historias persoais do seu alumnado.

En segundo lugar, propón ao alumnado as seguintes actividades:

- Reflexión sobre o documental: que vos parece que o profesor utilice a técnica das cartas para que os/as alumnos/as escriban como se se senten? Sentídesvos identificados con algunha historia? Para o profesor Kanamori, que é o máis importante dentro da escola?
- Debuxo das siluetas: unha vez teñan compartido como se senten, propón que cada neno e nena debuxe a súa silueta no chan coa axuda dun/dunha compañeiro/a e, dentro dela, escriba aspectos da súa vida e da súa personalidade.
- Valoración final: comentade en grupo que lles transmitiu a sesión e ter debuxado a silueta.



<https://programaeducativo.ayudaenaccion.org/>

Educación Secundaria (de 12 a 14 anos)



OPCIÓN B: dúas sesións.

Primeira Sesión (50’):



Pon o documental enteiro (50 minutos).

Unha vez rematado o vídeo, podedes comentar en voz alta as sensacións que vos deixou (que lles pareceu o método do profesor Kanamori, que lles impactou, que non entenderan, que lles gustaría salienta, etc.) A continuación, explica ao grupo que deben facer unha actividade nun folio para a seguinte sesión (poden rematar a actividade na casa):

- **Expresión do conflito:** cada alumno/a escribe sobre un conflito que teña vivido na escola ou na casa. Se o prefiren, poden utilizar outras técnicas coma o debuxo, o cómic, o grafiti, etc. A idea é que poidan expresar as distintas fases do conflito: orixe, proceso e resolución ou posible resolución.



Segunda sesión (40’):

O alumnado entrega ao docente os traballos que fixeran. Mediante a axuda de voluntarios/as que vaian saíndo, lense ou ensínanse os debuxos para poder xerar un debate sobre as historias mencionadas e proporcionar solucións e ideas entre toda a clase para mellorar a xestión dos conflitos. Opcionalmente, podedes seguir facendo esta actividade durante un tempo e, de cando en vez, repetir o exercicio e reflexionar en torno aos conflitos e as súas posibles solucións.

 #círculosdedialogo

Escríbenos a educacion@ayudaenaccion.org e cóntanos que tal foi a actividade na vosa escola. Compartiremos a vosa experiencia co resto da comunidade educativa de Ayuda en Acción en programaeducativo.ayudaenaccion.org



Descarga os materiais educativos desta etapa no blog

<https://programaeducativo.ayudaenaccion.org/>





Descrición

Actividades pensadas para traballar a importancia de recoñecernos e que os demais nos recoñezan por todas as cousas boas que temos, e así poder establecer relacións sas e fomentar o desenvolvemento e o crecemento (persoal e colectivo) dos rapaces e rapazas a través da súa participación activa na toma de decisións. Nun mundo onde a xente nova está moi conectada ás novas tecnoloxías e á imaxe que proxectan cara aos demais, é necesario pensar en actividades para que se escoiten e coñezan mellor.

Obxectivos

Fomentar o amor por un mesmo, o empoderamento, o sentido da responsabilidade e a formación das súas capacidades.

Actividades

★ Actividade: O máis importante

Materiais: Como docente, confecciona e decora unha caixa pequena poñendo dentro un espello coa forma que che resulte máis fácil.



Tempo: 30-40 minutos

Pide ao alumnado que sente en círculo, pásalles a caixa pechada e pregúntalles: dentro desta caixa, que imaxinades que sería o máis importante para vos? Cada alumno e alumna vai respondendo en voz alta.

Cando o teñan feito todos, a caixa volve circular -esta vez aberta- para ver que dentro hai un espello e descubrir que o máis importante son eles mesmos.



Para rematar, podedes facer reflexións en voz alta respecto da lexitimación dun mesmo para un desenvolvemento positivo e saudable. Podes formular as seguintes preguntas:

- Por que credes que debemos ser o máis importante para nós mesmos?
- Por que cústanos tanto antepoñernos a nós mesmos por diante dos demais?

★ Actividade: Validación, o poder dun sorriso de Kurt Kuenne

Materiais: Curtametraxe *Validation* (duración 16 min)

Vídeo en internet: *Validation* de Kurt Kuenne, 2007 <https://vimeo.com/9330175> (Idioma: inglés, subtítulos español, duración 16 min 23").



Tempo: 50 minutos

Proxecta o vídeo na clase.

Unha vez vista a curtametraxe, comenta co alumnado o que acaban de ver e formula a seguinte pregunta:

- Se á parte de facer os deberes todos os días fixerades algunha cousa polos demais, como serían as vosas vidas?

Rematado o debate, anima á clase a saír ao encerado para anotar un listado de accións positivas (destinadas a axudar ou colaborar con terceiras persoas) que poderían levar a cabo no centro escolar, na casa ou no barrio durante a seguinte semana.

 #círculosdedialogo

Esríbenos a educacion@ayudaenaccion.org e cóntanos que tal foi a actividade na vosa escola. Compartiremos a vosa experiencia co resto da comunidade educativa de Ayuda en Acción en programaeducativo.ayudaenaccion.org



Descarga os materiais educativos desta etapa no blog

3. PROPOSTAS PARA FACER EN FAMILIA

Educación Infantil y Primaria

Descrición

Dúas actividades para que os nenos e nenas fagan na casa coa axuda dos familiares, tendo en conta que os adultos xogan un papel innegable na educación dos seus fillos/das súas fillas e son o núcleo na construción dos valores.

Obxectivos

Reforzar a diversidade cultural e fomentar o entretemento coa familia.

Actividade Educación Infantil (de 0 a 6 anos)

★ Actividade: A miña familia e mais eu



Materiais: unha folla de papel DINA4, lapis, gomas e rotuladores de cores

Tempo: 30-40 minutos na casa/ 30 minutos na escola.




Propón aos alumnos que na casa e coa axuda da familia realicen un debuxo que represente como é a súa familia. É importante que no debuxo escriban por exemplo o nome e o lugar de nacemento de cada un dos membros e detrás da folla poidan debuxar, e se queren escribir, unha lembranza bonita da familia. Para iso, será necesario que falen co seu pai, súa nai, seus avós e avoas, tíos e tías, curmáns e curmás, etc.

Educación Infantil (de 0 a 6 anos)

Na clase poderedes comentar cada un dos debuxos para compartir distintas identidades e historias familiares. Esta actividade requirirá da axuda da familia (especialmente no caso dos nenos/as de 0-3 anos).

Podes propor as seguintes preguntas aos nenos e nenas (adaptando a túa linguaxe a cada grupo de idade):

- Como vos sentistes facendo o debuxo coa familia?
- Todas as familias nacen no mesmo lugar?
- Onde queríades que estivese o voso debuxo? Entre todos, poderedes escoller un lugar para colgalos que sexa visible na clase ou no centro educativo.



A túa opinión é importante para nós. Animámoste a realizar a avaliación do material en

programaeducativo.ayudaenaccion.org

Educación Primaria (de 6 a 12 anos)

★ Actividade: Debuxos para resolución de conflitos

Materiais: cartolina, cores, lapis..., o material que os nenos e familiares desexen.



Tempo: 50 minutos nacasa/ 30 minutos na escola.

Pide aos nenos e nenas que, xunto dos seus familiares, lembren un conflito que se producira entre eles nalguna ocasión e o debuxen coa axuda de todos e todas. A partir de aquí, poden xerar un debate para analizar que pasou e como o resolveran. Na parte de atrás da cartolina, deben anotar distintas accións construtivas e facer un debuxo que exemplifique como se podería xestionar positivamente o que pasou. Con este exercicio, os nenos e nenas e os familiares adoptarán novas fórmulas para xestionar futuros episodios conflictivos.

Cando rematen o debuxo, poden colgalo (pola parte onde está a xestión positiva do conflito) nun espazo común da súa casa para lembrar que teñen recursos e habilidades para tratar novos incidentes.



A túa opinión é importante para nós. Animámoste a realizar a avaliación do material en

programaeducativo.ayudaenaccion.org

Educación Secundaria (de 12 a 16 anos)

Descrición

Coa seguinte actividade, poderás facer a túa pequena achega para fomentar a cultura de paz entre os alumnos e as súas familias mediante unha actividade que pon de manifesto a importancia de saber distinguir as mensaxes dos medios de comunicación (que se distinguen por contidos negativos ou positivos) para crear mecanismos de transformación dos conflitos.

Obxectivos

Fomentar habilidades de pensamento crítico e reflexivo para promover unha xestión alternativa dos conflitos.

Actividades

★ Actividade: Correspondente de paz

Materiais: recoméndase ter acceso a internet, periódicos e impresora. En caso de non dispoñer deles, invítase a que os rapaces e rapazas, xunto dos seus familiares, fagan uso dos espazos públicos con acceso a internet na súa zona, ben o seu propio centro educativo, a biblioteca, centro cívico, etc.



Tempo: 30 minutos (traballo na casa)/ 30 minutos (traballo na escola).

Cantas veces temos visto como os medios de comunicación publican contidos dramáticos, bélicos ou desagradables e non contidos sobre xestos solidarios, resolución de conflitos ou fomento da paz? Alén das traxedias, hai moitas historias solidarias que deberían compartirse. Por exemplo: cando hai unha guerra, os medios de comunicación céntranse en informar sobre a traxedia, o medo, a morte... E poucas veces aparecen noticias sobre iniciativas, traballos cooperativos, historias de superación, voluntariado, etc.

Neste sentido, pódese poñer como exemplo a crise das persoas refuxiadas de Siria, onde miles de voluntarios/as de todos os países europeos van de forma totalmente desinteresada a axudar: se nos fixáramos nesas historias poderíamos ver a xente que deixou o seu emprego para colaborar, ou familias de Siria que, aínda con todas as dificultades que teñen, cooperaron os uns cos outros (un exemplo moi claro é a axuda que se prestaban cos móbiles para atopar a mellor ruta posible para chegar a Europa).

Educación Secundaria (de 12 a 16 anos)


Propón ao alumnado que busque, coa axuda da súa familia, nun medio de comunicación dixital ou en papel, unha noticia relacionada cun episodio de guerra ou unha situación conflictiva que conteña elementos e/ou accións positivas que reforcen a paz. Pídelles que fagan un pequeno debate na casa para poder reflexionar e compartir cos familiares o que lles transmitiu a noticia.

Na clase, poñédeo en común para coñecer distintas iniciativas e concienciar ao alumnado sobre esta cuestión. Despois podeades buscar conxuntamente unha noticia (en internet) que non refirme unha mensaxe positiva e entre todos buscade solucións e saídas pacíficas a partir das seguintes preguntas:

- Cal podería ser unha posible saída ou solución a este conflito?
- Cales son as partes deste conflito?
- Que proposta de xestión do conflito fariades ás partes?
- Poderíamos facer algunha cousa nós para axudar a resolver este conflito?

Que credes que poderíamos facer?

A partir da última pregunta, poderíase facer a reflexión de que nos conflitos todo o mundo ten a súa parte de responsabilidade e que debemos mobilizarnos para construír un mundo mellor.



A túa opinión é importante para nós. Animámoste a realizar a avaliación do material en

programaeducativo.ayudaenaccion.org

4. RECURSOS PARA PROFUNDAR

Neste apartado, expóñense propostas que recomendamos para que o profesorado poida profundar na aula sobre a xestión positiva de conflitos e a promoción dunha cultura de paz mediante un conxunto de referencias bibliográficas, recursos materiais e audiovisuais.

Lecturas:

- “*Sin embargo se quieren*” de Frédéric Kessler.

Referencia: Tramuntana Editorial, 2012. Idioma castelán. Web:

<http://www.tramuntanaeditorial.com/es/catalogo/y-sin-embargo-se-quieren>

- “*Vacío*” de Anna Llenas.

Referencia: Editorial Barbara Fiore, 2015. Idioma: castelán e catalán. Web:

www.annallenas.com/ilustracion-editorial/vacio.html#.V5jNqTX3M8s

- “*Emocionario, palabras aladas*”.

Referencia: www.palabrasaladas.com/emocionario.html

Xogo de mesa:

- *Ikonikus* de Manu Palau.

Referencia: Casa de juegos Brain Picnic, 2013. Castelán. Web:

<http://www.brainpicnic.es/>

Recursos audiovisuais:

- Video: “Cadena de favores infinita” (duración 6 min).

Referencia: <https://www.youtube.com/watch?v=8Gosg1ybxTU>

- Video: “Una mujer cambió el letrero de un invidente, lo que ocurre después, es asombroso.” Cambia tus palabras, cambia tu mundo (duración 1 min e 47”).

Referencia: <https://www.youtube.com/watch?v=2Yge6vmswRI>

Webs recomendadas:

- Escuela de Paz

Referencia: www.escueladepaz.es/

A túa opinión é importante para nós. Animámoste a realizar a avaliación do material en <http://programaeducativo.ayudaenaccion.org/>



 #círculosdedialogo



Esríbenos a educacion@ayudaenaccion.org e cóntanos que tal foi a actividade na vosa escola. Compartiremos a vosa experiencia co resto da comunidade educativa de Ayuda en Acción en programaeducativo.ayudaenaccion.org

Descarga os materiais educativos desta etapa no blog



<http://ayudaenaccion.org/ahoratoca>

Ayuda en Acción é unha organización internacional de cooperación ao desenvolvemento que loita contra a pobreza, a exclusión social e as desigualdades. Impulsamos a dignidade e a solidariedade para a construción dun mundo máis equitativo.

Durante 35 anos de experiencia, un dos factores que diferencian o noso traballo foi o modelo de intervención a longo prazo. Traballamos en 19 países de América Latina, Asia e África e tamén en España, onde propiciamos cambios estruturais que contribúan á erradicación da pobreza, a través de proxectos autosustentables de desenvolvemento integral e actividades de sensibilización.

Promovemos programas nas comunidades máis desfavorecidas onde os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción de vínculos solidarios e a especial atención á infancia son enfoques e temáticas transversais do noso traballo.

En todos os programas que desenvolvemos, a educación ten un papel protagonista pola súa importancia nos procesos de cambio social e a formación de persoas xustas e solidarias.



**Sigue todas as novidades
de Agora Toca... en:**



programaeducativo.ayudaenaccion.org